

50 ANOS DE RESISTÊNCIA CULTURAL

SCD.CONDADO
1973—2023

50 anos de resistência cultural (1973—2023)

1° ediçom, julho de 2023

Edita
SCD Condado
Sacauntos

Coordenaçom editorial
Irene Cancelas Sánchez
Carlos Barros González

Desenho e diagramaçom
Nadina Bértolo Sanjuán

Correçom lingüística da crónica histórica
Beatriz Bieites Peres
Diego Bernal Rico

Adaptaçom a galego reintegrado do texto de Xurxo Souto
Maurício Castro

Fotografias capa e contracapa
SCD Condado

Impressom
Sacauntos

Depósito legal
VG 467-2023

ISBN
978-84-127393-0-5

Proxecto subvencionado

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O CONDADO

Margarita Ledo Andión

A pista búlgara ou aquele que lle disparou ao Papa.

Asasinato por folga de fame en 1981 na prisión de Maze: *Bobby Sands*.

Toma lá, dá cá. Dúas maletas. Dous mortos de diferente sexo. Que resultaron da parte de Braga, cunha filla única que ao que parez botou unha mauiña no descuartizamento.

A maré negra... e sempre, sempre, o encontro co Viale Moutinho, pasador das e dos que veñen da fronteira sur.

O Festival de poesía do Condado é ese lugar no que se foi configurando a miña poética a ras de terra. En dous momentos ben distantes no tempo, revelo a orixe e intención coa que trato os meus materiais.

> «Os meus comportamentos narrativos adoitan ancorar nese real que se agarra á construción literaria para tronzar insolidariedades e que por iso se nos fai altivo cando escoa para unha das moitas versións en que se poderá manifestar. Eu agora corrixo probas nunha historia de personaxe que o tería todo para ser un heroe: inxenio, paixón, clarividencia, iniciativa, unha boa esquerda aos morros e un metro oitenta de estatura. Leva nun manicomio máis de vinte anos. E é de carne e oso. Como a literatura que desexo»
>
> Sobre *Porta Blindada*. «Autopoética», *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago de Compostela, 1990

> Fago ciencia coma se desfixese unha madeixa. E escribo ou filmo apalpando os materiais tal se a procura do non expresado —as cinematografías pequenas, o feminismo, os obxectos de usar e gardar coma os retratos— mantivesen o rastro do propio recoñecemento.
>
> para o Festival de Cinema *DocumentaMadrid*-2017

Que a festa continúe da noite cara ao día!

HISTÓRIA DE UM SEQUESTRO

Jose Luis Otamendi
Iñigo Aranbarri

Esta história começa como a maioria dos sequestros, mal percebendo o que está a acontecer, até que é tarde demais.

Já estava escurecendo quando aterrámos em Peinador. E às vezes acontece quando chegas a um aeroporto que há alguém à tua espera, um parente, um amigo ou talvez um rosto sorridente segurando uma plaquinha com o teu nome. Passamos pola porta de saída, mas nom havia ninguém ali. Nom tínhamos família em Vigo. Nem amigos. Chovia muito naquel 11 de outubro de 1991. Era evidente que nom estávamos em Lanzarote, mas mesmo assim, nom havia letreiro. Ninguém sorriu para nós com os olhos achinados.

Depois de um tempo, umha voz soou ao nosso lado:

—Sodes vós os bascos?

Entendemos que este era o nosso contato. Ninguém mais sabia que estávamos ali. Chegamos os dous à Galiza como representantes da Associaçom de Escritores de Língua Basca, segundo nos dixérom, para participar dum festival poético-musical nas margens do Minho, um lugar tam desconhecido para nós dous como o sul da Patagônia ou Vladivostok. Um festival com poetas galegos, cataláns, portugueses e bascos. As referências de colegas que passaram em anos anteriores foram magníficas.

Nós assentimos.

Era um homem alto, barbudo, de óculos, sério como um prato de feijons. Seguimos os seus passos até entrarmos num Citroën azul, longo, que instantaneamente nos lembrou um carro fúnebre. Tinha as placas de Barcelona, mas o nosso chofer nom falava catalám. Bem, por nom falar, nem falava galego. Um relaçons públicas mudo. Bom começo.

Chovia quando deixamos Vigo atrás. Chovia nas zonas industriais, chovia nas casas solitárias e nas vinhas do Condado. Pingas que cruzavam algumhas luzes ao longe. Chovia no asfalto negro, no meio de umha escu-